



## ANEXO I

### Xustificación de ausencias COVID

Don/Dona ..... como pai - nai - titor/a legal do  
alumno/a ..... de ..... curso

#### COMUNICA

que o devandito alumno/a non acudiu ao centro o día ..... de ..... de 202.....  
por presentar sintomatoloxía compatible coa infección por COVID-19.


Considérome informado/a das seguintes obrigas recollidas no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 publicado de xeito conxunto pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e pola Consellería de Sanidade:


- Obriga de contactar **dentro das seguintes 24 horas** co **centro de saúde** de referencia do alumno/a.
- Obriga de informar á algunha das persoas integrantes do equipo COVID do centro (**equipo directivo**) á **maior brevidade posible**.


Asados (Rianxo), ..... de ..... de 202.....


Asinado,


# ANEXO II
















# EIA INFANTIL





# EIB INFANTIL



### ANEXO III: MODELO DE SOLICITUDE PARA A DETERMINACIÓN DE PERSOAL ESPECIALMENTE SENSIBLE

<b>SOLICITANTE</b>	
Nome e apelidos:	
DNI:	Teléfono:
Correo electrónico (obligatorio):	
Enderezo a efectos de notificacións :	
Código Postal:	Localidade:

<b>DATOS DO CENTRO DE TRABALLO</b>	
Nome do Centro:	
Enderezo:	
Código Postal:	Localidade:
Posto de traballo:	

SOLICITA a valoración da inspección médica da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, ou no seu caso o servizo de prevención alleo a efectos da determinación do condición de persoal sensible de conformidade co previsto na Resolución de 22 de xullo de 2020

Para estes efectos comprométese a achegar os informes médicos que obran no seu poder, así como aqueles que lle sexan requiridos.

\_\_\_\_\_ , \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Sinatura:

DIRECTOR/A DO CENTRO

# ANEXO IV

## REXISTRO DE LIMPEZA DE ASEOS

- Superior nenos
- Inferior nenos
- Infantil EIA
- Ximnasio

- Superior nenas
- Profesorado sala
- Infantil EIB

- Inferior nenos
- Profesorado (ducha)
- Relixión - comedor

**MES:**


DÍA:	HORA	SINATURA	HORA	SINATURA	HORA	SINATURA
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
11						
12						
13						
14						
15						

## REGISTRO DE LIMPEZA DE ASEOS

<b>DÍA:</b>	<b>HORA</b>	<b>SINATURA</b>	<b>HORA</b>	<b>SINATURA</b>	<b>HORA</b>	<b>SINATURA</b>
16						
17						
18						
19						
20						
21						
22						
23						
24						
25						
26						
27						
28						
29						
30						
31						



Anexo VI




# CEIP Ana María Diéguez

■ Papeleira con tapa

● Xel hidroalcohólico e panos


# PLANTA BAIXA




# ANEXO VII


CEIP Ana María Diéguez

PLANTA BAIXA









# Anexo IX - Distribución alumnado en comedor



# ANEXO X

## QUENDAS RECREOS 2021-2022

SETEMBRO 21		OUTUBRO 21		NOVEMBRO 21		DECEMBRO 21		XANEIRO 22		FEBREIRO 22		MARZO 22		ABRIL 22		MAIO 22		XUÑO 22																													
1	Mi		1	V	2	1	L		1	Mi	3	1	S		1	V	3	1	D		1	Mi	2																								
2	X		2	S		2	M	3	2	X	1	2	D		2	Mi	3	2	Mi		2	S		2	L	3	2	X	3																		
3	V		3	D		3	Mi	1	3	V	2	3	L		3	X	3	3	D		3	M	1	3	M	1	3	V	1																		
4	S		4	L	3	4	X	2	4	S		4	M		4	V	2	4	V	1	4	V	1	4	L	1	4	Mi	2	4	S																
5	D		5	M	1	5	V	3	5	D		5	Mi		5	S		5	S		5	M	2	5	X	3	5	X	3	5	D																
6	L		6	Mi	2	6	S		6	L		6	X		6	D		6	D		6	Mi	3	6	V	1	6	V	1	6	L	2															
7	M		7	X	3	7	D		7	M	3	7	V		7	L	3	7	L	2	7	X	1	7	X	1	7	S		7	M	3															
8	Mi		8	V	1	8	L	1	8	Mi		8	S		8	M	1	8	M	3	8	M	3	8	V	2	8	V	2	8	D		8	Mi	1												
9	X		9	S		9	M	2	9	X	1	9	D		9	Mi	2	9	Mi	1	9	S		9	S		9	L	2	9	X	2	9	X	2												
10	V		10	D		10	Mi	3	10	V	2	10	L	1	10	X	3	10	X	2	10	X	2	10	D		10	D		10	M	3	10	V	3												
11	S		11	L		11	X	1	11	S		11	S		11	M	2	11	V	1	11	V	3	11	V	3	11	L		11	Mi	1	11	S													
12	D		12	M		12	V	2	12	D		12	D		12	Mi	3	12	S		12	S		12	S		12	M		12	X	2	12	D													
13	L	1	13	Mi	2	13	S		13	L	3	13	X	1	13	D		13	D		13	D		13	D		13	Mi		13	V	3	13	V	3	13	L	1									
14	M	2	14	X	3	14	D		14	M	1	14	V	2	14	L	2	14	L	1	14	L	1	14	X		14	X		14	S		14	S		14	M	2									
15	Mi	3	15	V	1	15	L	3	15	Mi	2	15	S		15	M	3	15	M	2	15	M	2	15	M	2	15	V		15	D		15	D		15	Mi	3									
16	X	1	16	S		16	M	1	16	X	3	16	D		16	Mi	1	16	Mi	3	16	Mi	3	16	Mi	3	16	S		16	L		16	L		16	X	1									
17	V		17	D		17	Mi	2	17	V	1	17	L	3	17	X	2	17	X	1	17	X	1	17	X	1	17	D		17	D		17	D		17	M		17	V	2						
18	S		18	L	2	18	X	3	18	S		18	S		18	M	1	18	V	3	18	V	3	18	V	3	18	V	3	18	L		18	L		18	Mi	1	18	S							
19	D		19	M	3	19	V	1	19	D		19	D		19	Mi	2	19	S		19	S		19	S		19	M	3	19	X	2	19	X	2	19	X	2	19	D							
20	L	2	20	Mi	1	20	S		20	L	2	20	X	3	20	D		20	D		20	D		20	D		20	Mi	1	20	V	3	20	V	3	20	V	3	20	L	3						
21	M	3	21	X	2	21	D		21	M	3	21	V	1	21	L	1	21	L	3	21	L	3	21	L	3	21	X	2	21	S		21	S		21	S		21	M	1						
22	Mi	1	22	V	3	22	L	2	22	Mi		22	S		22	M	2	22	M	1	22	M	1	22	M	1	22	V	3	22	D		22	D		22	D		22	Mi							
23	X	2	23	S		23	M	3	23	X		23	D		23	Mi	3	23	Mi	3	23	Mi	3	23	Mi	3	23	S		23	S		23	S		23	S		23	L	1	23	X				
24	V	3	24	D		24	Mi	1	24	V		24	V		24	L	2	24	X	1	24	X	1	24	X	1	24	X	1	24	D		24	D		24	D		24	M	2	24	V				
25	S		25	L	1	25	X	2	25	S		25	S		25	M	3	25	V	2	25	V	2	25	V	2	25	V	2	25	L	1	25	L	1	25	Mi	3	25	Mi	3	25	S				
26	D		26	M	2	26	V	3	26	D		26	D		26	Mi	1	26	S		26	S		26	S		26	S		26	M	2	26	M	2	26	M	2	26	M	2	26	X	1	26	D	
27	L	1	27	Mi	3	27	S		27	L	2	27	X	2	27	L	2	27	D		27	D		27	D		27	Mi	3	27	V	2	27	V	2	27	V	2	27	V	2	27	L				
28	M	2	28	X	1	28	D		28	M		28	D		28	M	3	28	V	3	28	V	3	28	V	3	28	L		28	L		28	L		28	L		28	X	1	28	S		28	M	
29	Mi	3	29	V	2	29	L	1	29	Mi		29	S		29	M	3	29	M	3	29	M	3	29	M	3	29	V	2	29	D		29	D		29	D		29	D		29	Mi				
30	X	1	30	S		30	M	2	30	X		30	X		30	Mi	1	30	Mi	1	30	Mi	1	30	Mi	1	30	S		30	S		30	S		30	S		30	L	3	30	L	3	30	X	
			31	D					31	V		31	V		31	L	1													31	M	1				31	M	1				31	M	1			

# RECREOS IMPARES CON CHOIVA

## CHOIVA I1



PLANTA BAIXA

CEIP Ana María Diéguez

## CHOIVA I2



PLANTA BAIXA

CEIP Ana María Diéguez

## CHOIVA I3




PLANTA BAIXA


CEIP Ana María Diéguez

# RECREOS PARES CON CHOIVA


## CHOIVA P1






## CHOIVA P2






## CHOIVA P3



# RECREOS IMPARES SEN CHOIVA



# RECREOS PARES SEN CHOIVA





### Protocolo de atención a usuarios do comedor para o curso 2021-2022

Neste documento recóllese o protocolo específico que o persoal da empresa de catering que atende o comedor do CEIP Ana María Diéguez seguirá para a atención ós usuarios do mesmo, sen prexuízo do cumprimento do resto de protocolos xerais e dos específicos establecidos pola propia empresa para a prestación do servizo.

Durante este curso, o servizo de comedor prestarase tanto no mesmo comedor como na aula de Relixión do Centro, establecéndose dúas quendas de comedor. O espazo habitual do comedor será utilizado para dar o servizo ós usuarios de Educación Infantil na primeira quenda e ó alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria na segunda quenda. A aula de Relixión utilizarase para dar o servizo ós usuarios de 1º a 4º de Educación Primaria na primeira quenda.

QUENDA	GRUPO	ESPAZO	HORARIOS XANTAR	OBSERVACIÓNS
1	Alumnado Ed. Infantil (12 nen@s)	Comedor	Luns e martes de 14:25 a 15:05 h Mércores a venres 13:10 13:50 h	Actividades posteriores ao xantar en patio ou parque infantil ata recollida familias
1	Alumnado Ed. Primaria 1º a 4º (17 nen@s)	Aula Relixión	Luns e martes de 14:45 a 15:25 h Mércores a venres 13:30 a 14:10 h	Actividades posteriores na mesma aula e/ou patio cuberto / espazo exterior (de ser viable) ata recollida familias
2	Alumnado Ed. Primaria 5º e 6º (9 nen@s)	Comedor	Luns e martes de 15:20 a 16:00 h Mércores a venres 14:05 a 14:45 h	Actividades previas no patio cuberto ata hora de xantar. Actividades posteriores ao xantar no mesmo comedor e/ou patio cuberto / espazo exterior (de ser viable) ata recollida familias
NOTA	Entre quendas realizaranse as necesarias labores de limpeza, desinfección e ventilación conforme o Protocolo.			

Os dous espazos contarán con dispensadores de xel hidroalcohólico para a hixiene de mans, só para o uso dos usuarios de Educación Primaria, tantas veces como sexa preciso. Os usuarios de Educación Infantil non poden utilizar o xel hidroalcohólico. Ambos espazos contan ademais con cartelaría informativa.

Todos os usuarios contarán cun sitio asignado e sinalizado en cada unha das estancias do comedor, non sendo posible cambiar de sitio en ningún momento. Tal como se indica no anexo I.

O botiquín do comedor contará con dous termómetros para o seu uso diario: un termómetro sen contacto por infravermellos, e un termómetro dixital que serán usados polas monitoras para as tomas de temperatura.

### INICIO DO SERVIZO

A empresa de catering disporá para o curso 2021-2022 de tres monitoras para prestar o servizo diariamente. O horario de atención ós usuarios será o seguinte.

- luns de 14:25 a 16:30
- martes de 14:25 a 16:30

- mércores de 13:10 a 16:30
- xoves de 13:10 a 16:30
- venres de 13:10 a 16:30

Cada monitora estará ó cargo de cada un dos dos tres grupos en que se divide o servizo:

- Unha monitora encargarse do grupo de Ensino Infantil (Quenda 1).
- Unha monitora encargarse do grupo de 1º a 4º de Ensino Primario (Quenda 1).
- Unha monitora encargarse do grupo de 5º a 6º de Ensino Primario (Quenda 2).

Tanto as monitoras como o resto do persoal da empresa de catering entrará no colexio tódolos días pola cancela situada enfronte da entrada que dá ao corredor inferior do Centro, onde se atopa o comedor, a aula de AL e as aulas de infantil.

As monitoras terán que desinfectar previamente tódalas mesas e cadeiras que se van a empregar, seguindo as indicacións sobre hixiene que establece o protocolo de actuación xeral para o comedor.

## **ATENCIÓN A USUARIOS DE INFANTIL (QUENDA 1 – 4º e 5º/6º de EI)**

### **Entrada no comedor**

Os usuarios de ensino infantil serán os primeiros alumnos do centro en saír das súas respectivas aulas, o cal se efectuará vinte minutos antes que o resto dos alumnos do colexio, co seguinte horario semanal:

- luns ás 14:25.
- martes ás 14:25.
- mércores ás 13:10.
- xoves ás 13:10.
- venres ás 13:10.

Os usuarios procederán ó lavado de mans coa axuda da súa mestra nas súas respectivas aulas, para despois saír ó corredor á hora indicada, onde os estará agardando a monitora.

Nesta quenda existen dous grupos de convivencia: grupo de 4º de Educación Infantil e grupo de 5º e 6º de Educación Infantil. A monitora encargarse de organizar os dous grupos de forma que no traslado ó comedor se manteñan as distancias de seguridade que sexan de aplicación entre grupos. Sería recomendable que o alumnado de infantil fixera uso de máscara, polo menos nos desprazamentos.

A monitora encargarse de:

1. Antes da entrada no comedor, colocar de forma separada as pertenzas dos usuarios (mochilas, paraugas, material escolar, etc), nas gradas que están enfronte do comedor.
2. Sentar ós nenos nos seus sitios, os cales estarán identificados, xa que cada neno/a ocupará sempre o mesmo sitio.

3. Colocarase a roupa de abrigo no respaldo de cadansúa cadeira, a medida que os usuarios se van sentando. A roupa de abrigo tamén podería quedar fóra na grada.

4. Unha vez que os usuarios estean sentados, procederá á toma de temperatura, e a comprobar de forma visual que non existan outros síntomas de enfermidade, para o cal se tomará como base o cuestionario de autoavaliación proporcionado pola Consellería de Educación e mostrado no anexo II.

O procedemento para a toma de temperatura será o seguinte:

a) Utilizando o termómetro sen contacto, tomarase a temperatura a TODOS os usuarios. Ó mesmo tempo comprobarase de forma visual se os usuarios presentan algún dos síntomas indicados no cuestionario de autoavaliación do anexo II e que sexan observables de forma directa, é dicir: tose seca, dificultade respiratoria e calquera signo de malestar xeral que poidan presentar os usuarios.

b) Só para aqueles usuarios nos que a lectura usando o termómetro sen contacto sexa de 37,5°C ou superior, realizarase unha medida de comprobación utilizando o termómetro dixital.

c) Se a segunda lectura é de 37,5°C ou superior; ou se o usuario presenta algún dos síntomas indicados no apartado a; procederase á activación do protocolo de illamento para o/s usuario/s afectado/s e ó rexistro na folla de incidencias. O protocolo de illamento descríbese no protocolo de actuación xeral para o comedor.

### **Xantar**

Finalizada a entrada de usuarios ó comedor, procederase a servir a comida, o cal se fará de acordo coas normas que establece o protocolo de actuación xeral para o comedor.

O alumnado que empregue máscara, procederá a gardala nun estoxo específico para este fin que quedará depositado na súa mesa ata o remate da comida. Durante o servizo de comedor e caso de existir varios pratos secuenciais recoméndase o uso de máscara no período entre ambos.

Se algún usuario tivera que ir ó baño durante o horario de comedor, os baños que usarán serán os que están situados na aula de Relixión.

Deste xeito os usuarios que permanecen no comedor continuarán a cargo da monitora do comedor de infantil, mentres que o que teña que usar o baño, pasará a ser vixiado pola monitora encargada dos nenos de primaria da quenda 1. Non existirá risco de contacto entre o usuario que vai ó servizo e os usuarios de primaria, xa que o servizo se atopa na entrada da aula.

Unha vez remate o tempo estipulado para o xantar, a monitora será a encargada de recoller tódalas mesas coas debidas medidas de protección e hixiene e os usuarios non poderán levantarse da mesa.

Antes de saír ó patio os usuarios trasladaranse por grupos ó baño da aula de Relixión para realizar unha hixiene de mans con auga e xabón. Coa finalidade de minimizar riscos non se contempla a realización polos usuarios/as de labores de hixiene bucodental posteriores ao xantar. Estas deberán realizarse a posteriori no seu domicilio.

Dado que no mesmo espazo de comedor van comer os usuarios da Quenda 2 de EP é obrigatorio realizar desinfección das mesas e unha ventilación deste espazo durante 15 minutos previa á entrada dos usuarios da seguinte quenda.

### **Tempo de ocio**

Despois, os usuarios sairán ao patio de xogos infantís e/ou pavillón gardando as correspondentes medidas de distanciamento entre ámbolos dous grupos e cos usuarios da segunda quenda de comedor (5º e 6º de Educación Primaria), que se atoparán no pavillón e cos cales coincidirán durante os quince minutos de ventilación e desinfección do comedor.

O material do centro está ó dispor dos usuarios/as sempre e cando tras a súa utilización se proceda á súa desinfección, tal como se establece no protocolo do Centro.

### **Recollida**

Co obxectivo de seguir conservando os grupos de convivencia, a hora da recollida do alumnado será fixada previamente para que a monitora o teña preparado. Os pais poderán acceder ó centro para axudar ó neno a recoller as súas pertenzas.

## **ATENCIÓN A USUARIOS DE PRIMARIA (QUENDA 1 – 1º a 4º DE EP)**

### **Entrada no comedor**

Os usuarios da Quenda 1 – 1º a 4º de EP comerán na aula de Relixión. Os usuarios desta quenda, segundo o protocolo do colexio, serán o terceiro grupo en saír, despois dos usuarios do transporte escolar. O obxectivo é evitar aglomeracións nos corredores, de forma que se trasladen ó corredor do piso de abaixo antes da saída do resto de alumnos.

A monitora encargada dos usuarios desta quenda, agardará polos nenos no corredor, enfronte da conserxaría.

- Os alumnos de 1º, 2º e 3º van lavar as mans na propia aula de Relixión.

O lavado realizarase por grupos, e mentres cada grupo está no seu proceso de lavado de mans e traslado á aula, o resto de grupos terán que agardar sentados e mantendo as distancias nas gradas enfronte da mesma aula.

- Os alumnos de 4º lavarán as mans no servizo da planta inferior, que é o que teñen asignado para o resto da xornada escolar. Formarán fila mantendo a distancia de seguridade na entrada do servizo da planta baixa e irán entrando no servizo co seu grupo de convivencia. (Só poderán entrar dous ó mesmo tempo en cada baño)

Unha vez que rematan o lavado de mans, trasladaranse mantendo as distancias de seguridade cada un ó sitio que teña asignado na aula de Relixión.

Os usuarios de Primaria ó igual que os de Infantil deixarán as súas pertenzas nas gradas separadas unhas das outras. A roupa de abrigo que non sexa necesaria na hora da comida colocarse detrás de cadansúa cadeira. A roupa de abrigo tamén podería quedar fóra na grada.

Unha vez que os usuarios estean sentados, procederase á toma de temperatura, e a comprobar de forma visual que non existan outros síntomas de enfermidade, para o cal se tomará como base o cuestionario de autoavaliación proporcionado pola Consellería de Educación e mostrado no anexo II.

O procedemento para a toma de temperatura será o seguinte:

ANPA Fonte da Revolta do C.E.I.P Ana María Diéguez - CIF G15513369 - anpafontedarevolta@gmail.com

- a) Utilizando o termómetro sen contacto, tomarase a temperatura a TODOS os usuarios. Ó mesmo tempo comprobarase de forma visual se os usuarios presentan algún dos síntomas indicados no cuestionario de autoavaliación do anexo II e que sexan observables de forma directa, é dicir: tose seca, dificultade respiratoria e calquera signo de malestar xeral que poidan presentar os usuarios.
- b) Só para aqueles usuarios nos que a lectura usando o termómetro sen contacto sexa de 37,5°C ou superior, realizarase unha medida de comprobación utilizando o termómetro dixital.
- c) Se a segunda lectura é de 37,5°C ou superior; ou se o usuario presenta algún dos síntomas indicados no apartado a; procederase á activación do protocolo de illamento para o/s usuario/s afectado/s e ó rexistro na folla de incidencias. O protocolo de illamento descríbese no protocolo de actuación xeral para o comedor.

### **Xantar**

Finalizada a entrada de usuarios ó comedor, procederase a servir a comida, o cal se fará de acordo coas normas que establece o protocolo de actuación xeral para o comedor. O alumnado procederá a gardar a máscara nun estoxo específico para este fin que quedará depositado na súa mesa ata o remate da comida. Durante o servizo de comedor e caso de existir varios pratos secuenciais recoméndase o uso de máscara no período entre ambos.

Se algún usuario tivera que ir ó servizo durante o horario de comedor terá que usar o servizo que teñen asignados en horario lectivo.

- Os usuarios de 1º, 2º e 3º usarán os servizos do piso de arriba, sempre respectando os grupos de convivencia.
- Os usuarios de 4º usarán os baños do piso de abaixo, sempre respectando os grupos de convivencia.

Unha vez remate o tempo estipulado para o xantar, a monitora será a encargada de recoller tódalas mesas coas debidas medidas de protección e hixiene e os nenos non poderán levantarse da mesa.

Neste momento, os usuarios procederán á realizar unha hixiene de mans, que ben poderá ser a base de hidroxel, ou con auga e xabón en función das necesidades. Coa finalidade de minimizar riscos non se contempla a realización polos usuarios/as de labores de hixiene bucodental posteriores ao xantar. Estas deberán realizarse a posteriori no seu domicilio.

### **Tempo de ocio**

Os usuarios poderán realizar durante o tempo de agarda ata a recollida por parte dos seus familiares algunha actividade sen ningún tipo de contacto co resto de usuarios do comedor. Poderanse realizar algunha das seguintes actividades:

- Realización de deberes (actividade que se fomentará) e/ou lectura con libros da súa propiedade. Deberían de poder saír de forma ordeada a coller o estoxo ou material que precisen.
- Utilización de xogos individuais proporcionados pola ANPA, e que serán posteriormente desinfectados, en función da rotación que entre usuario/as se determine (diaria ou semanal).
- Posibilidade de saír ó patio de recreo sempre respectando os espazos asignados a cada

grupo e mantendo as mesmas normas de distanciamento que se indican durante un recreo no horario lectivo.

### **Recollida**

Como no caso dos usuarios de Infantil, co obxectivo de seguir conservando os grupos de convivencia, a hora da recollida do alumnado será fixada previamente para que a monitora o teña preparado.

Na recollida, os familiares dos usuarios de Primaria non poderán acceder ó centro, tendo que agardar a que se lle entreguen na cancela lateral que dá acceso ao patio traseiro e entrada sur (enfrente da entrada do centro).

## **ATENCIÓN A USUARIOS DE PRIMARIA (QUENDA 2 – 5º e 6º DE EP)**

### **Tempo de ocio**

Os usuarios da Quenda 2 – 5º e 6º de EP comerán no comedor, despois de que o fagan os usuarios da Quenda 1 de EI, por tanto o seu tempo de ocio será previo á comida. Os usuarios desta Quenda van ser os últimos en abandonar as súas respectivas aulas, co obxectivo de evitar aglomeracións nos corredores. Trasladaranse ó pavillón despois da saída do resto de alumnos, onde estarán supervisados pola monitora encargada.

Durante o tempo de ocio, o material do Centro está ó dispor dos usuarios/as sempre e cando tras a súa utilización se proceda á súa desinfección, tal como se establece no protocolo do Centro.

Así mesmo, existe tamén a posibilidade de saír ó patio de recreo sempre respectando os espazos asignados a cada grupo e mantendo as mesmas normas de distanciamento que se indican durante un recreo no horario lectivo.

Previamente á entrada no comedor, existe un intervalo de tempo no que coincidirá o tempo de ocio dos usuarios da Quenda 1 de EI e os da Quenda 2 de EP. Deberán gardarse as distancias entre grupos e cos usuarios desa primeira Quenda.

### **Entrada no comedor**

Dado que os usuarios da Quenda 2 comparten o mesmo espazo de comedor que os da Quenda 1 de EI, é imprescindible realizar un período de ventilación de 15 minutos deste espazo, así como a desinfección das mesas.

Previa á entrada no Comedor, os usuarios desta Quenda lavarán as mans no servizo da planta inferior, que é o que teñen asignado para o resto da xornada escolar. Formarán fila mantendo a distancia de seguridade na entrada do servizo da planta baixa e irán entrando co seu grupo de convivencia. Só poderán entrar dous usuarios ó mesmo tempo en cada servizo.

Unha vez que rematan o lavado de mans, trasladaranse mantendo as distancias de seguridade cada un ó sitio que teña asignado no comedor.

Os usuarios de Primaria ó igual que os de Infantil deixarán as súas pertenzas nas gradás separadas unhas das outras. A roupa de abrigo que non sexa necesaria na hora da comida colocarse detrás de cadansúa cadeira. A roupa de abrigo tamén podería quedar fóra na grada.

Unha vez que os usuarios estean sentados, procederase á toma de temperatura, e a comprobar de forma visual que non existan outros síntomas de enfermidade, para o cal se tomará como base o cuestionario de autoavaliación proporcionado pola Consellería de Educación e mostrado no anexo II.

O procedemento para a toma de temperatura será o seguinte:

- a) Utilizando o termómetro sen contacto, tomarase a temperatura a TODOS os usuarios. Ó mesmo tempo comprobarase de forma visual se os usuarios presentan algún dos síntomas indicados no cuestionario de autoavaliación do anexo II e que sexan observables de forma directa, é dicir: tose seca, dificultade respiratoria e calquera signo de malestar xeral que poidan presentar os usuarios.
- b) Só para aqueles usuarios nos que a lectura usando o termómetro sen contacto sexa de 37,5°C ou superior, realizarase unha medida de comprobación utilizando o termómetro dixital.
- c) Se a segunda lectura é de 37,5°C ou superior; ou se o usuario presenta algún dos síntomas indicados no apartado a; procederase á activación do protocolo de illamento para o/s usuario/s afectado/s e ó rexistro na folla de incidencias. O protocolo de illamento descríbese no protocolo de actuación xeral para o comedor.

### **Xantar**

Finalizada a entrada de usuarios ó comedor, procederase a servir a comida, o cal se fará de acordo coas normas que establece o protocolo de actuación xeral para o comedor. O alumnado procederá a gardar a máscara nun estoxo específico para este fin que quedará depositado na súa mesa ata o remate da comida. Durante o servizo de comedor e caso de existir varios pratos secuenciais recoméndase o uso de máscara no período entre ambos.

Se algún usuario tivera que ir ó servizo durante o horario de comedor usará os servizos do piso de abaixo que é o que teñen asignado en horario lectivo.

Unha vez remate o tempo estipulado para o xantar, a monitora será a encargada de recoller tódalas mesas coas debidas medidas de protección e hixiene e os nenos non poderán levantarse da mesa.

Neste momento, os usuarios procederán á realizar unha hixiene de mans, que ben poderá ser a base de hidroxel, ou con auga e xabón en función das necesidades. Coa finalidade de minimizar riscos non se contempla a realización polos usuarios/as de labores de hixiene bucodental posteriores ao xantar. Estas deberán realizarse a posteriori no seu domicilio.

### **Recollida**

Como no caso do resto de usuarios, co obxectivo de seguir conservando os grupos de convivencia, a hora da recollida do alumnado será fixada previamente para que a monitora o teña preparado.


Na recollida, os familiares dos usuarios de Primaria non poderán acceder ó centro, tendo que agardar a que se lle entreguen na cancela lateral que dá acceso ao patio traseiro e entrada sur (enfrente da entrada do centro).

## **FINALIZACIÓN DO SERVIZO**

Unha vez que todos os usuarios sexan recollidos, procederase á limpeza / hixenización de cada unhas das estancias, segundo o establecido no protocolo de actuación xeral para o comedor. A vaixela será recollida e trasladada para a súa limpeza e desinfección nas propias instalacións da empresa.



## ANEXO I – PLANOS E ASIGNACIÓN DE SITIOS



(Plano provisional)

## ANEXO II – ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN



### ANEXO I ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta [no seu/súa médico/a ou pediatra](#).

<i>Presentou nos últimos días?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
<b>Síntomas respiratorios</b>	<b>Febre maior de 37,5°C</b>		
	<b>Tose seca</b>		
	<b>Dificultade respiratoria</b>		
<b>Outros síntomas</b>	<b>Fatiga severa (cansazo)</b>		
	<b>Dor muscular</b>		
	<b>Falta de olfacto</b>		
	<b>Falta de gusto</b>		
	<b>Diarrea</b>		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
<b>CONVIVIU nos últimos 10 días?</b>	<b>cunha persoa Covid-19 + confirmado?</b>		

## Anexo XII

Cadro de limpeza en horario lectivo (5h)

	Luns e martes (9:00 a 14:45h)		Mércores, xoves e venres (9:00 a 13:30h)	
	Frecuencia	Duración	Frecuencia	Duración
Aseos (3 aulas de infantil, planta baixa, sala de mestres, planta alta e ximnasio)	2 veces ao día Hora: 10:00 e 12:00h	1h 15 min x2 2h 30'	2 veces ao día Hora: 10:00 e 12:00h	1h 15 min x2 2h 30'
Pasamáns, pomos portas exteriores, chaves das luces, tapas dos contedores do lixo da pista cuberta.	2 veces ao día	20 min x2 40'	2 veces ao día	20 min x2 40'
Limpeza - revisión de papeleiras.	1 vez ao día Hora: 12:00	20 min 20'	1 vez ao día Hora: 12:00	20 min 20'
Desinfección de xogueteos do parque de infantil e varanda.	4 veces ao día Hora: despois dos recreos	15 min x4 1h	2 veces ao día Hora: despois dos recreos	15 min x2 30'
Teléfonos, teclados e ratos (administración)	1 vez ao día	15 min 15'	1 vez ao día	30 min 30'
Incidencias (aula de aillamento en casos covid, imprevistos...)		15 min 15'		30 min 30'
<b>Duración</b>		5h		5h

Cadro de limpeza en horario de tarde (6h)

	Luns, martes, mércores, xoves e venres
	Frecuencia
Aulas: mesas, cadeiras, mobles, chan	Diaria
Corredores e escaleiras	Diaria
Ximnasio	Diaria
Aula de música	Diaria
Aula relixión	Diaria
Aseos	Diaria
Pista cuberta	Diaria (Soplado: xoves)
Zona de administración: - Despachos - Sala de mestres - Conserxería	Diaria
Desinfección de teléfonos, teclados e ratos de ordenadores.	Diaria
Patio infantil	Soplado (xoves)
Ventilación das aulas	1 hora
<b>Duración</b>	6 horas



## PROTOCOLO ACTUACIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

**CURSO 2021-2022**

**ANPA FONTE DA REVOLTA**

### **1. INTRODUCCIÓN**

O presente Protocolo ten por obxecto establecer as medidas preventivas, colectivas e individuais, así como organizativas, para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se van levar a cabo no CEIP Ana María Diéguez de Asados, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por Covid-19.

As empresas que se encargarán de impartir as clases das actividades extraescolares son:

**Empresa animación S. Nydia**, a cal levará as actividades de:

- Cociña creativa
- Inglés
- Pintura

**Empresa Yum Yai Park**, a cal levará a actividade de:

- Ximnasia acrobática

**Xardín Ventureiro**, a cal levará a actividade de:

- Ximnasia rítmica

E o responsable do servizo das actividades é a ANPA FONTE DA REVOLTA.

O conxunto de medidas que se recollen neste documento ten como referente as instrucións facilitadas polo Protocolo de Adaptación ó contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 (versión 06/07/21) aprobado no Comité Clínico de 06 de xullo de 2021 para dar resposta ás medidas e particularidades establecidas na Orde comunicada da ministra de sanidade, de 4 de xuño de 2021, mediante a que se aproba, en coordinación coa conferencia sectorial de educación, a declaración de actuacións coordinada en Saúde Pública fronte á Covid-19 para centros educativos durante o curso 2021-2022 e que entrarán en vigor unha vez finalice o curso escolar 2020-2021.

As medidas recollidas neste documento contemplan xa a nova versión “PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN Ó CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022. VERSIÓN 01-10-2021”



## **2. OBXECTO**

O obxecto do presente documento é determinar as medidas de prevención e protección fronte á Covid-19.

O documento lévase a cabo de acordo coa normativa vixente, sen prexuízo das modificacións ó mesmo que se poidan realizar posteriormente, de acordo ó que se poida dispor na normativa concernente á materia. Esas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

## **3. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

Este documento será de aplicación por parte do persoal contratado pola ANPA FONTE DA REVOLTA para o servizo de ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES, que levan a cabo as distintas empresas indicadas anteriormente, no CEIP ANA MARÍA DIÉGUEZ de Asados.

## **4. RESPONSABLE COVID DA EMPRESA**

Establécense distintas figuras de responsable Covid segundo a empresa que imparta a actividade, as cales se encargarán das tarefas e serán responsables de comunicar á ANPA, e esta, á súa vez, de comunicar ó colexio, a xestión dos posibles contaxios.

Responsables :

Empresa animación S. Nydia: Ricardo García Mauricio

Empresa Yum Yai Park: Juan Ramón Millares Vilar

Xardín Ventureiro: Patricia Molinedo García

## **5. COMPOSICIÓN DOS GRUPOS**

Seguirase en todo momento a normativa vixente en relación ás restricións no aforo e agrupacións ditadas pola normativa e autoridades competentes, que poden ser máis restritivas que as indicadas e que poden ir cambiando no transcurso da pandemia.

Os grupos estarán formados por alumnado pertencente ó mesmo grupo estable de convivencia marcado polo centro. En caso de non poder facer grupos estables de convivencia, respectaranse, na medida do posible, os grupos de idade (curso ou ciclo) ou agruparanse por idades próximas.

En caso de non poder garantir o mesmo grupo de convivencia que hai no centro formaranse grupos nos que os alumnos estarán separados 1,5 metros e sempre utilizarán máscara. (Nas idades máis baixas correspondentes a educación infantil e/ou 1º e 2º de educación primaria valorárase facer grupos máis pequenos se fose necesario).



## 6. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO:

### **Declaración de responsabilidade**

Os/as pais/nais/titores/as legais firmarán unha declaración de responsabilidade (ó inicio das actividades) na que se comprometan a valorar e respectar as normas indicadas neste protocolo.

### **Entrada e saída das actividades extraescolares**

Non está permitida a entrada a persoas alleas (pais/nais/titores) nas actividades nin nas instalacións do colexio. Así como tampouco está permitido estar nas instalacións fóra da hora de actividade.

Tampouco está permitida a presenza dos propios participantes cando non sexa a súa hora de actividade (por exemplo, non se poderá facer uso das gradas).

A entrada para **os/as nenos/as que procedan do exterior**, é dicir, que non procedan do comedor ou da biblioteca, e faga uso das actividades extraescolares efectuarase polo **portalón de entrada do ximnasio**, onde o/a monitor/a o estará agardando, permanecendo os proxenitores no exterior.

**Os/As nenos/as que fagan uso do comedor ou da biblioteca** agardarán na **porta da biblioteca** a ser recollidos/as polo/a monitor/a da actividade correspondente.

Os/as monitores/as das actividades extraescolares ostentan a custodia dos/as menores durante o tempo da actividade. Baixo ningunha circunstancia poderán abandonar o/a menor, aínda unha vez finalizado o horario da actividade, ata non terlo/a entregado/a á familia.

**Os/As nenos/as serán entregados/as** pola mesma porta, o **portalón de entrada do ximnasio**. Os pais, as nais ou a persoa que sexa o responsable legal do alumnado permanecerá en todo momento no exterior do colexio.

### **Enquisa de autoavaliación, síntomas e modos de actuar**

As familias deberán realizar a enquisa de autoavaliación prevista no “Protocolo de adaptación ó contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022” e o alumnado non poderá acudir á actividade de presentar algúns dos síntomas de acordo co que a enquisa estableza.

Non deben acudir ó centro educativo o alumnado nin os/as monitores/as cos seguintes síntomas:

Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C Tose seca Dificultade respiratoria
Outros síntomas	Fatiga severa Dor muscular Falta de olfacto Falta de gusto



Diarrea
---------

Tampouco aquelas persoas ás que así llelo indique a Central de Seguimentos de Contactos (CSC) de acordo co Protocolo de Vixilancia e Control Epidemiolóxico fronte ó virus SARS-CoV-2 (COVID-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia ( <http://coronavirus.sergas.gal>) ou aquelas outras que tivesen algún contacto cunha persoa contaxiada de Covid-19 nos últimos 10 días.

Deberase informar ó/á monitor/a no caso de que se dea algunha das circunstancias previstas na enquisa de autoavaliación para o seu coñecemento e traslado ó centro educativo que o porá en coñecemento do Equipo Covid.

### Uso de máscara

O alumnado e os/as monitores/as, así como o resto de persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en tódolos espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade (coas excepcións concretas especificadas pola normativa).

O uso da máscara será **obligatoria** durante as actividades **para maiores de 6 anos e recomendable para menores de 3 a 5 anos**, salvo nos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe sanitario. Será preceptivo levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.

### Funcións do/a monitor/a

O/A monitor/a debe garantir que o alumnado faga uso unicamente das instalacións que se lle ofrecen para o desenvolvemento da actividade, deste xeito, **debe controlar os desprazamentos e o acceso dos/as menores ó seu cargo** a outras dependencias que non lle correspondan.

O/a monitor/a **asignará postos fixos** ó alumnado para todo o tempo que dure a actividade co obxectivo de realizar unha mellor trazabilidade dos contactos e **delimitará zonas para** que cada neno/a deixe os seus **obxectos persoais**, como a mochila ou a botella de auga. (Entregarase á dirección do centro un plano de situación con estes lugares marcados para facilitar, en caso de ser necesario, o seguimento epidemiolóxico).

O/A monitor/a **supervisará a hixiene de mans**, que se realizará con auga e xabón ou xel hidroalcohólico e que será obligatoria despois de xogar, tocar material deportivo, de ir ó baño, esberrar, tuser... ou cando o/a monitor/a o determine. Tamén **determinará os momentos de respiro ou paradas** para beber de xeito seguro e con garantía de distancia de seguridade. Así, baixo ningún concepto se poderán compartirse botellas de auga, que deberán estar claramente identificadas e situadas no sitio asignado a cada asistente xunto co resto de obxectos persoais.

Finalmente, o/a monitor/a **evitará compartir material**, mais, no caso de ser necesario compartilo, encargarse de hixienizalo antes e despois do seu uso.

### Organización e espazos das actividades

As actividades organizaranse de tal xeito que se poida facer a entrada e a saída espazada e cunha ventilación entre clases de, cando menos, 10 a 15 minutos hora.



Haberá **dispensadores de xel hidroalcohólico** nas entradas e saídas. Para o alumnado de Educación Infantil restrinxirase, na medida do posible, o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de agua

e xabón ou outros tipos de solucións con xabón. Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ó tamaño da man de cada neno/a, informándoo/a de que debe ser absorbido antes de realizar outras tarefas.

Os espazos onde se leven a cabo as actividades extraescolares contarán con **aseos asignados** (con indicación e control de aforo segundo o previsto na lexislación vixente) que permita o lavado de mans con auga e xabón cando menos 40 segundos cando estean visiblemente sucias. (Os aseos asignados serán **os do primeiro andar**).

A organización das tarefas e exercicios das distintas actividades extraescolares levaranse a cabo en función da normativa vixente. Inicialmente serán de forma individual ou en pequenos grupos, evitando o contacto.

## **7. PLAN DE CONTINXENCIA ESPECÍFICO**

### **7.1 Limpeza e desinfección do mobiliario ou útiles empregados**

Unha vez finalizada a duración da actividade, o/a monitor/a encargarse da hixienización de tódalas mesas, cadeiras e elementos utilizados presentes nas aulas que se usen para a actividade.

Na medida do posible usaranse panos de papel, desbotables ou dun só uso. Con todo, no caso de que sexa necesario o emprego de panos e/ou estropallos de máis dun uso garantirase a súa limpeza e serán hixienizados e cambiados periodicamente.

### **7.2 Ventilación adecuada**

A aula que se utilice para a actividade estará ventilada durante todo o tempo que dure a actividade e, de non ser posible, existirá, como mínimo, unha ventilación entre clases de cando menos 15 minutos.

### **7.3 Espazos onde se imparten as actividades**

As aulas que se empregan para as distintas actividades serán sempre as mesmas quedando do seguinte xeito:

**Luns :** Cociña creativa: sala de usos múltiples

**Mércores:** Inglés: sala de usos múltiples  
Ximnasia rítmica: ximnasio

**Xoves:** Pintura: sala de usos múltiples  
Ximnasia acrobática: ximnasio

Os **aseos** que se empregarán serán do **primeiro andar (piso de arriba)**. O seu uso limitarase a 2 persoas á vez e o alumnado deberá desinfectar as mans ó deixalo.





Debido á posibilidade de que as instalacións do centro sexan empregadas ó mesmo tempo para outras actividades, por exemplo as do Concello, límítase a saída para o uso dos aseos a un/ha alumno/a de cada vez.

#### **7.4 Aforo máximo por actividades**

<b>Luns :</b>	Cociña creativa: 15
<b>Mércores:</b>	Inglés: 15 Ximnasia rítmica: 15
<b>Xoves:</b>	Pintura: 15 Ximnasia acrobática: 15

#### **7.5 Grupos de actividades extraescolares estables**

Os grupos serán estables e existirá un rexistro diario de asistencia, que será custodiado pola ANPA. Naquelas actividades que se fagan para o curso completo o grupo estable estará determinado por trimestre e naquelas actividades puntuais (obradoiros de conciliación ou obradoiros específicos o longo do curso) será estable na súa duración sen haber posibilidade de novos membros no medio do obradoiro en cuestión. Así mesmo, dentro das posibilidades da empresa que leve a cabo a actividade evitarase que haxa cambios de monitor/a durante todo o tempo que dure a actividade.

Corresponde ós/ás monitores/as manter unha conduta exemplar no cumprimento das medidas de protección e, de acordo coa capacidade do grupo, calquera contido será utilizado para inculcar na rapazada a conciencia da natureza social da pandemia e o beneficio común de cumprir coas regras.

### **8. XESTIÓN DE CONTAXIOS**

No caso de detectarse síntomas nunha persoa participante durante a actividade:

- A) No caso de menores de idade procederase ó illamento desta persoa no espazo habilitado para tal fin e de acordo co “Protocolo de adaptación ó contexto Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”. Xa que durante o período lectivo o espazo asignado é a aula de usos múltiples, e este espazo está ocupado polas actividades, o espazo asignado para o illamento durante as actividades extraescolares será a aula de inglés. A familia será informada inmediatamente e procederase de acordo co protocolo xeral, segundo o plan de continxencia do centro.
- B) No caso de persoas maiores de idades, estas procederán de acordo co previsto con carácter xeral e coas particularidades que o plan de continxencia do centro poida prever. Porán unha máscara cirúrxica, informarán da situación ó centro educativo e á ANPA, abandonarán a actividade e contactarán cos servizos sanitarios para seguir as súas indicacións.

Favorecerase a formación específica dos/as monitores/as na prevención e protección ante a Covid-19.



## 9 . ENTRADA E SAÍDA DE ACTIVIDADES

Para garantir un proceso áxil é precisa a máxima puntualidade. A persoa encargada da actividade (monitor/a) será quen recolla os/as nenos/as (sexan do comedor, persoas usuarias da biblioteca ou veñan das súas casas) e quen llos/as entregue á familia á saída.

### EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA -

**Luns :** **Cociña creativa.** Horario: 16:15-17:45

A entrada e saída será polo portalón de entrada ó ximnasio.

**Mércores:** **Inglés.** Horario: 16:15-17:45

A entrada e saída será polo portalón de entrada ó ximnasio.

**Ximnasia rítmica.** 17:45-19:00

A entrada e saída será polo portalón de entrada ó ximnasio.

**Xoves:** **Pintura.** Horario:16:15-17:45

A entrada e saída será polo portalón de entrada ó ximnasio.

**Ximnasia acrobática.** Horario: 17:30-18:30

A entrada e saída será polo portalón de entrada ó ximnasio.